



# **INFORME DE CUMPRIMENTO DO PLAN DE VIABILIDADE**

**Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio**

**(Xaneiro de 2017)**

- Datos da universidade e do título obxecto do seguimento
- Cumprimento do plan de viabilidade
- Plan de Melloras

| <b><u>DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO</u></b>                            |   |
|--|---|
| Denominación do título   | Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio                    |
| Universidade responsable administrativa                                    | Universidade de Santiago de Compostela                          |
| Centro responsable   | Facultade de Xeografía e Historia                               |
| Centro/s onde se imparte   | Facultade de Xeografía e Historia ( <b>Campus de Santiago</b> ) |
| Rama de coñecemento  | Ciencias Sociais e Xurídicas                                    |
| Número de créditos   | 240 ECTS  |
| Profesión regulada   | Non   |
| Modalidade de impartición  | Presencial  |
| Curso de implantación  | 2009/2010   |
| Data acreditación ex ante (verificación)                                   | 06/07/2009  |
| Data renovación acreditación   | 11/03/2015  |
| Curso académico obxecto de seguimento                                      | 2015-2016   |
| <b>Data de aprobación do Plan de Viabilidade</b>                           | <b>30/10/2015</b>   |
| <b>Data de aprobación do Informe de cumprimento do Plan de Viabilidade</b> | <b>31/01/2017</b>   |
| <b>Órgano que aproba</b>   | <b>Equipo de dirección</b>                                      |

## CUMPRIMENTO DO PLAN DE VIABILIDADE

A titulación de **Grao de Xeografía e Ordenación do Territorio** é titulación única no SUG e ofértase na Facultade de Xeografía e Historia da USC. A día de hoxe, e de acordo coas recomendacións do *Informe de avaliación do Plan de Viabilidade do Grao de Xeografía e Ordenación do Territorio* estase levando a cabo unha revisión do título reforzando as súas fortalezas e paliando as súas debilidades para adaptalo o mellor posible ás necesidades da sociedade actual onde os coñecementos xeográficos son cada vez máis necesarios: demografía, riscos naturais e antrópicos, xeopolítica, análise e incidencia do turismo no territorio, por citar algúns dos contidos da titulación.

De acordo co punto 2 do Informe :Áreas de mellora

- *Aínda que o grao ten a súa orientación distintiva, comparte moitos contidos co Grao en Xeografía e Historia da Universidade de Vigo (Ourense), tamén con problemas de demanda. Aprécianse tamén afinidades, polo menos no perfil de estudante a captar, co Grao de Humanidades de UDC (Ferrol) ou o Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural da USC (Lugo), na mesma tesitura de falta de alumnos. De persistiren os problemas de demanda, habería espazo para iniciativas conxuntas, quizais pensando nun único programa troncal con diversas orientacións ou mencións (historia, historia da arte, turismo, xestión do patrimonio, xeografía física, xeografía humana, ordenación do territorio, ...)*

En relación co esta acción o Departamento deu continuidade as visitas a centros de ensino secundario por parte do profesorado do Departamento de Xeografía con carácter voluntario, sobre todo a partir do novo modelo de transmisión do Programa A Ponte. Fundamentalmente centrámonos na área de influencia de Santiago, fundamentalmente pola carencia de subvención para este fin -os gastos de locomoción os sufraga directamente o profesorado que se despraza - e polo falta de tempo, ante o incremento do encargo lectivo do profesorado tanto polo acceso a idade de xubilación como pola amortización das prazas e a precariedade dos novos contratos. As visitas complementáronse no pasado ano académico cun curso de formación permanente para o profesorado de secundaria e bacharelato, subvencionado por unha empresa privada.

Outras actividades, que serán detalladas nas páxinas do Informe, están a completar o esforzo de difusión e coñecemento do Grao en Xeografía e OT, entre o alumnado e o profesorado de niveis anteriores ao universitario. Ao mesmo tempo intentamos darlle proxección estatal en colaboración coa Asociación de Geógrafos Españoles e o Colexio de Xeógrafos, ao estar todos traballando conxuntamente ante moitos dos problemas que están a ser tratados en este documento.

Non obstante, convén facer chegar as autoridades educativas de Galicia que o esforzo por captar alumnado para esta titulación non foi en vano, pois de acordo coa secuencia histórica deste Departamento creado en 1968, o volume de matriculados oscilou, salvo excepcións puntuais, entre os 20 e 30 matriculados.

Ademais, somos conscientes de que os resultados dun Plan aprobado en Xuño de 2015 non se poden alcanzar en tan pouco tempo, como ocorre en todas as medidas aplicada ao ámbito educativo. Outra das causas, no menos importantes, que inflúen na matrícula e a redución paulatina dos contidos xeográficos no ensino secundario xunto coa non especialización do profesorado que os imparte, pois a maioría do profesorado procede das titulacións de Historia e Historia da Arte e os complementos de formación que os futuros docentes reciben no Máster Universitario en Profesorado

de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato non son suficientes, como xa se manifestou no momento da súa implantación. O feito que avala esta realidade é que a concentración da procedencia do alumnado en certos focos de Galicia está en relación coa labor de Xeógrafos titulados en exercicio.

|                         |   |
|-------------------------|---|
| Código                  | <a href="#">IN03G-PC-05</a>   |
| Nome                    | <b>Matrícula de novo ingreso</b>                                    |
| Procedemento de Cálculo | Núm. de estudantes que se matriculan nun plan de estudos por 1ª vez |

|              |              |              |              |              |
|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|
|              | 2013-14      | 2014-15      | 2015-16      | 2016-17*     |
| <b>Total</b> | <b>29,00</b> | <b>41,00</b> | <b>43,00</b> | <b>47,00</b> |

\*Datos de matrícula provisionais

|                         |   |
|-------------------------|---|
| Código                  | <a href="#">IN04G-PC-05</a>   |
| Nome                    | <b>Matrícula de inicio de estudos</b>   |
| Procedemento de Cálculo | Núm. de estudantes que se matriculan en 1º curso dun plan de estudos por 1ª vez, é dicir, sen contar aos estudantes que acceden a través de validación parcial de estudos estranxeiros, traslados ou adaptacións desde plans en extinción |

|              |              |              |              |              |
|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|
|              | 2013-14      | 2014-15      | 2015-16      | 2016-17*     |
| <b>Total</b> | <b>29,00</b> | <b>38,00</b> | <b>40,00</b> | <b>39,00</b> |

\*Datos de matrícula provisionais

- *No actual contexto de crise, e especialmente coa explosión da burbulla inmobiliaria, destrúese gran parte das posibilidades de inserción laboral. Ademais, creouse unha bolsa de profesionais sen traballo no ámbito da planificación urbanística que supón unha seria competencia para os egresados actuais. A orientación á ordenación e planificación territorial fai uns anos podía verse como o gran atractivo, pode que agora sexa o principal problema. Esta orientación leva a competir con outras titulacións técnicas (arquitectura, enxeñeiros de camiños, enxeñaría civil,...). Recomendase buscar asociacións ou sinerxías con titulacións similares que repercutan positivamente na orientación laboral dos estudantes.*

En relación coa crise moitos dos egresados, ao igual que ocorre na inmensa maioría das titulacións, optaron polo camiño da emigración, inseríndose no mundo laboral doutros Estados, coa satisfacción que algúns deles accederon de acordo coa súa formación de xeógrafos e incluso a nivel universitario, son os casos de Brasil, Chile, Reino Unido e Alemaña entre outros.

A día de hoxe estase en conversas coa Facultade de Ciencias Económicas e empresariais para sentar as bases de un borrador que nos permita unha dobre titulación, un camiño no que vai máis avanzado o Máster do Departamento (Máster Universitario en Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial - P3301V01 - 2016/2017), o que non podemos desvincular a estes efectos do Grao.

No grao en Xeografía e Ordenación do Territorio existe un programa de prácticas externas, moi ben acollidas polo alumnado porque supoñen unha vantaxe de cara á inserción laboral. A oferta existente permite elixir entre un amplo abanico de posibilidades.

Neste sentido, de acordo coa recomendación do informe do Plan de Viabilidade, procurouse a ampliación da tipoloxía de empresas na que se realizan prácticas externas para enfocarse en áreas distintas á planificación urbanística. Entre a oferta

dispoñible atópanse empresas públicas e privadas dos seguintes ámbitos: cartografía, protección da natureza, detección de riscos naturais e antrópicos, demografía, etc. [Ver oferta do 2015-16 no documento ANEXO.3 Xeografía\_PAE\_Alumnado e entidades.pdf]

[Ver <http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/pae.html>]

| Empresa/Institución  | Curso 2014/15 | Curso 2015/16 | Curso 2016/17 |
|--|---------------|---------------|---------------|
| Analiza, Técnicas de Investigación Social (Verín)                        | 2             |               |               |
| ADAF. Asociación para o Desenvolvemento da Agricultura Familiar          | 1             | 2             | 1             |
| ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia)                   |               | 1             | 1             |
| AGALI. Asociación de Ciencias Sociais e Humanidades Galicia Iberoamérica | 2             | 2             | 2             |
| Aplygenia S.L.   |               |               | 1             |
| Asdecomor (Ordes)  | 1             |               |               |
| ASEFOR, S.L ( Santiago de Compostela)                                    | 1             | 1             | 2             |
| CETUR (Centro de Estudos Turísticos)                                     | 2             | 3             |               |
| Concello de A Veiga  |               | 4             | 4             |
| Concello de Amoeiro  |               | 1             |               |
| Concello de Carballo   |               |               | 1             |
| Concello de Castrelo de Miño   |               |               | 1             |
| Concello de Dodro  | 1             |               |               |
| Concello de Mazaricos  |               |               | 1             |
| Concello de Monterroso   |               | 2             | 1             |
| Concello de Outes  |               |               | 1             |
| Concello de Quiroga  |               | 2             |               |
| Concello de Castro Caldelas  |               | 2             |               |
| Concello de Salceda de Caselas   |               | 1             |               |
| Concello de San Sadurniño  | 1             | 2             | 1             |
| Concello de Sanxenxo   |               | 2             | 2             |
| Concello de Touro  |               | 1             | 1             |
| Concello de Valga  | 1             |               |               |
| Concello de Vimianzo   | 1             | 2             |               |
| Consello da Cultura Galega   |               | 1             |               |
| Consortio de Santiago  | 1             | 2             |               |
| Corporación Laber-Consultoría  |               | 1             |               |
| Cursos Internacionais  |               |               | 2             |
| Deputación de Lugo   |               |               | 1             |
| Enxeñeiros e Arquitectos consultores IDOM S.A.                           | 1             |               |               |
| Fundación CEER(Centro Estudios Regionales)                               | 2             | 2             | 2             |
| Grupo Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos                             | 1             | 1             |               |
| GDR Costa da Morte   |               |               | 1             |
| GDR Pontevedra Norte   |               |               | 2             |
| GDR Montes e Vales   | 1             |               |               |
| Hércules ediciones   |               | 2             |               |
| IDEGA  | 1             | 2             | 1             |
| IGE. Instituto Galego de Estatística                                     | 1             | 1             |               |

|  |           |           |           |
|--|-----------|-----------|-----------|
| Incolsa – Turismo de Santiago  | 1         | 1         |           |
| Instituto de Estudos do Territorio   | 2         | 2         | 2         |
| Mancomunidad de Concellos Arousa Norte   | 1         | 1         | 1         |
| Meteogalicia   | 2         | 2         | 2         |
| Rede de Infraestruturas de Apoio á Investigación e ao Desenvolvemento Tecnolóxico (RIADT) -USC |           | 1         |           |
| Tesouros de Galicia  |           | 4         |           |
| Obiut  |           | 1         |           |
| <b>TOTAL</b>   | <b>27</b> | <b>52</b> | <b>34</b> |

A satisfacción do alumnado co programa de prácticas externas vai en aumento, como pode apreciarse na táboa.

|                         |   |
|-------------------------|---|
| Código                  | <b>IN19G-PC-09</b>  |
| Nome                    | <b>Satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas</b>  |
| Procedemento de Cálculo | Valoración media da enquisa de satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas (Valoración do 1 ao 5) |

|              |             |             |
|--------------|-------------|-------------|
|              | 2014-15     | 2015-16     |
| <b>Total</b> | <b>4,14</b> | <b>4,29</b> |

Da mesma forma, a satisfacción dos titores académicos tamén experimentou un aumento significativo nos dous últimos cursos:

|                         |  |
|-------------------------|--|
| Código                  | <b>IN21G-PC-09</b>   |
| Nome                    | <b>Satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas</b>                         |
| Procedemento de Cálculo | Valoración media da enquisa de satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas |

|              |             |             |
|--------------|-------------|-------------|
|              | 2014-15     | 2015-16     |
| <b>Total</b> | <b>3,70</b> | <b>4,33</b> |

Non obstante, a satisfacción dos/as titores/as profesionais é un dos indicadores que máis importancia ten para o título, pois proporciona información sobre a satisfacción que nas empresas teñen sobre o alumnado e as competencias coas que chegan para desenvolver o programa de prácticas.

A facultade elabora un estudo propio, cuxos resultados para o curso 2015-2016 se poden consultar na seguinte ligazón:

[http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeahistoria/descargas/Resultados\\_curso\\_2015\\_16.pdf](http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeahistoria/descargas/Resultados_curso_2015_16.pdf)

O Documento Base no que se regulan as prácticas académicas externas do alumnado das titulacións que se imparten na Facultade de Xeografía e Historia da USC (Aprobado en Comisión Permanente do 2 de outubro de 2015), os anexo III, IV, V e VI recollen os diferentes modelos de cuestionarios de avaliación, onde no so se pretende avaliar a súa calidade senón tamén detectar posibles aspectos que sexan susceptibles de mellora  
([http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeahistoria/descargas/Regulamento\\_Practicas\\_Externas.pdf](http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeahistoria/descargas/Regulamento_Practicas_Externas.pdf))

Cabe sinalar que os/as tiores/as profesionais valoran de forma moi positiva este programa cun 94,6%. Os aspectos formais teñen unha valoración máis elevada (99,2%), as actitudes do alumnado reciben un 92,3% e os valores menos altos son os relativos á competencia (90%) e aos coñecementos (89,2%) do alumnado.

En canto á valoración do programa que fai o alumnado, avalían moi positivamente aos tiores profesionais (99%), algo menos aos académicos (94%), e ao Programa cun 87%.

Unha vez finalizado o grao, a satisfacción dos egresados que realizaron prácticas externas tamén aumentou, cunha tendencia superior a media da USC, nos dous últimos cursos:

|   | Curso13/14   |           | Curso14/15   |           |
|---|--------------|-----------|--------------|-----------|
|   | Media título | Media USC | Media título | Media USC |
| Se realizaches prácticas externas durante a titulación, indica en que grao consideras que completaron a túa formación | 2,50         | 3,75      | 3,20         | 3,89      |

Escaladevaloracióndesde1 (Nada)ata5 (Moito)

Estes datos avalan a satisfacción de todos os grupos de interese coas prácticas externas do título e coa súa orientación laboral. Tanto o centro como o título, manteñen os esforzos para manter e ampliar esta oferta, que se considera vital para consolidar outras vías de inserción laboral.

- *Descríbense as iniciativas de mellora formuladas a raíz da renovación da acreditación. Estas iniciativas levarán a mellorar o funcionamento do título e o logro das competencias previstas por parte dos estudantes, pero non se aprecia que poidan ter un efecto directo sobre a demanda da titulación. Débese establecer un plan específico de captación enfocado a incrementar a demanda da titulación.*

En resposta ás recomendacións do Informe de Avaliación do Plan de Viabilidade sobre a necesidade de establecer un plan específico de captación enfocado a incrementar a demanda da titulación, ou sobre a necesidade de dar a coñecer a oferta formativa do grao, a experiencia da Universidade de Santiago na organización de eventos competitivos/formativos para os estudantes de bacharelato é contrastada nos últimos anos..

Con esta experiencia, e tendo en conta as peculiaridades deste título, o desenvolvemento do Plan e en colaboración coa *Asociación de Geógrafos Españoles* e co *Colegio de Geógrafos* articulouse en base ás seguintes liñas:

#### 1. **Olimpíadas de Xeografía.**

Comezaron no ano 2015 e neste ano celebrábase a *III Edición das Olimpíadas Locais* e seremos os organizadores das ***VIII Olimpíadas de Geografía*** nas que participará o alumnado de todos os IES de España que gañaron nas fases locais.

Nas I Olimpíadas participaron 7 Institutos de Ensino Secundario e un total de 15 alumnos/ e alumnas: Colegio Pablo VI – Fátima, Colexio María Inmaculada (Carmelitas) de Vigo, CPR M. Peleteiro, IES de Cacheiras, IES Alfredo Brañas, IES Valle Inclán de Pontevedra e o IES de Valga.

Nestas olimpíadas contouse coa presenza do conselleiro de Cultura,



Educación e Ordenación Universitaria, D. Román Rodríguez, quen inaugurou o evento.

Nas II Olimpíadas participaron un total de 10 IES y 30 alumnos/as: IES de Valga, CPR M. Peleteiro, IES Alfredo Brañas, IES Valle Inclán, IES María Inmaculada y Carmelitas, Galén Centro Educativo, CPR Plurilingüe Salesianos San Juan Bosco, IES Francisco Aguiar, IES Praia de Barraña e IES Mocho Valcarce cun total de 30 participantes.

Nas olimpíadas participa activamente o alumnado de grao ao que se invita a colaborar nas actividades de organización do evento, e impartir unha charla ao alumnado participante sobre Xeografía, así como amosarlles o patrimonio histórico-artístico que acolle a nosa facultade.

## 2. Concurso de Fotografía

Nestes momentos estamos a celebrar o V CONCURSO AGE (Asociación de Geógrafos Españoles): "*Explica Geografía con tus fotos*", curso académico 2016-17, a difundir entre o profesorado e o alumnado de ESO e Bacharelato. Ista é unha mais dás actuacións que se están a levar a cabo dende o Departamento de Xeografía dá USC para visibilizar a Xeografía, tanto na sociedade en xeral como entre o profesorado e o alumnado en particular. Asimesmo trata de responder ó desexo de que todos os niveis do ensino actúen de maneira conxunta para conseguir que a nosa disciplina ocupe ou lugar que lle corresponde nunha sociedade global. Nesta convocatoria mantéñense as categorías da pasada edición: a) Estudante de ESO e Bacharelato; b) Estudante Universitario; e c) Profesorado de calquera nivel educativo. (<http://www.usc.es/gl/departamentos/xeografia/modules/news/VConcursoAGE.html>)

## 3. Deseño de actividades con Institutos de Educación Secundaria.

Os Departamento de Xeografía está a colaborar coa Delegación Galega do Colexio de Xeógrafos no deseño de actividades para levar a fin con profesores e alumnado de IES.

O alumnado do Grao de Xeografía está a colaborar coa profesora María José Piñeira -Presidenta da Delegación Galega do Colexio de Xeógrafos- na proposta de proxecto que foi presentada ao Concello de A Coruña para facer Mapas de emocionais dos diferentes barrios da cidade. Colaboran nesta actividade profesoras dos IES de Malpica –Rocío Romar Roel- e do IES de Fisterra –Ana Díaz-, o profesor Enrique García Fernández-Abascal, do Departamento de Psicología Básica II na Facultad de Psicología na UNED, especialista en mapas emocionais, e Ángeles Amor, psicóloga e profesora no Centro Asociado de A Coruña da UNED.

No ámbito desta actividade estase en contacto cos responsables do *ProxectoTerra* para levalo a fin.

## 4. Actividades en colaboración co ProxectoTerra

Profesorado do Departamento de Xeografía están en contacto permanente co ProxectoTerra a través do director do Proxecto, Antonio Rosales, e a profesora Rocío Romar, para organizar e participar bilateralmente en seminarios de temática diversa. Por exemplo: *As montañas de de Trevinca: Paisaxes, patrimonio e propostas didácticas (2016)*, dirixido polo profesor do Departamento, Dr. Paül Carril.

## 5. Ano do Entendemento Global

O Ano Internacional do Entendemento Global (International Year of Global

Understanding, IYGU) é unha iniciativa que tivo a súa orixe na Universidade Friedrich-Schiller de Jena, na Alemaña, a través do Profesor Benno Werlen, xeógrafo social daquela universidade en colaboración coa Unión Xeográfica Internacional.

O seu obxectivo é fomentar unha mellor comprensión de como o local afecta ao pensamento global co fin de promover políticas intelixentes para facer fronte aos desafíos a escala mundial como o cambio climático, a seguridade alimentaria ou a migración.

A Universidade de Santiago de Compostela, concretamente o Departamento de Xeografía, é o responsable do Regional Action Center for Spain do cal son coordinadores os profesores Ruben Lois González y María José Piñeira.

No marco do IYGU fíxose na Facultade de Xeografía unha presentación do mesmo no que participaron o Representante do IYGU Benno Werlen; Román Rodríguez González, Conselleiro Luisa Márquez, Coordinadora Galega da Rede PEA-UNESCO. Así mesmo, un grupo de catro alumnas do IES Pedra da Auga de Pontearreas realizaron unha representación multilingüe xunto co seu profesor, Xabier Prado.

O alumnado de Xeografía do Grao foi invitado a participar en dito evento e colaborou nunhas actividades de organización.

O profesorado responsable do RSA tamén se desprazou ao IES de Pontearreas para dar unha conferencia sobre os retos futuros da sociedade para o entendemento global, no que participaron Luisa Márquez, Escola Artística Árvore do Porto, representantes de IES e poboación en xeral. No mesmo acto se falou de futuras propostas de traballo para o *International Year of Global Understanding*, escenificado polo alumnado do IES Pedra da Auga, que presentará neste acto as propostas a desenvolver como son: Slogans para un Mundo Mellor.

#### 6. Participación do alumnado do grao en seminarios nacionais/internacionais:

Os profesores do Grao incentivan desde o primeiro momento a participación do alumnado en actividades de formación/capacitación e divulgación científica, tanto de carácter nacional como internacional. Así, os alumnos de cuarto curso teñen asistido ao *Coloquio de Xeografía Urbana* da AGE celebrado en Girona no 2016, e na *International Geography Union Conference* que tivo lugar en Moscú en 2015. No presente curso unha alumna de primeiro acudiu ao Forum "The University Cities" que tivo lugar na cidade rusa de Tomsk.

7. Xornadas de formación de profesorado onde se presentou e informouse sobre o uso do **Atlas dixital escolar** elaborado por un equipo de profesorado de Xeografía e por técnicos da empresa ESRI. Os participantes, en número de 20, procedían dos centros:

| CENTRO               | LOCALIDADE     |
|----------------------|----------------|
| IES O Mosteirón      | Sada           |
| IES As Mariñas       | Betanzos       |
| IES Xosé Neira Vilas | Oleiros        |
| IES Isaac Díaz Pardo | Sada           |
| IES Fontiñas         | Santiago de C. |
| Fac. Historia        | Ourense        |

|                           |                |
|---------------------------|----------------|
| IES García Barros         | A Estrada      |
| IES Alfredo Brañas        | Carballo       |
| Peleteiro                 | Santiago de C. |
| IES Camilo José Cela      | Padrón         |
| CPR Carmen-Atocha         | Betanzos       |
| IES Praia Barraña         | Boiro          |
| IES Pontecaldelas         | Pontecaldelas  |
| IES García Barros         | A Estrada      |
| IES David Buján           | Cambre         |
| IES Marqués de Sargadelos | San Ciprián    |

8. **Dirección Grupo de Taballo de Xeografía das Probas de Selectividade.**

9. Por último, sinalamos a nosa participación nos **Seminarios sobre Enseñanza Secundaria**, organizados pola AGE, que se celebran na Universidade Carlos III de Madrid, para formación do profesorado de niveis non universitarios. Información a este respecto <http://www.usc.es/gl/departamentos/xeografia/ensinanzasec.html>

Este conxunto de actividades se encaminan a visibilización do título entre o alumnado de Educación Secundaria, o profesorado que pode axudar na elección de titulación e mesmo a sociedade en xeral.

Esta acción está aliñada co Plan Estratéxico da USC 2011-2020, concretamente, dentro do ámbito “Actividade Universitaria” está estreitamente ligada á liña estratéxica “Oferta de titulacións adaptada ás necesidades da sociedade”. Esta liña establece catro obxectivos e actuacións entre os que figura “Mellorar o coñecemento da oferta formativa da USC por parte da sociedade”.

A competencia entre as universidades na captación do alumnado fai necesario que a oferta de titulacións da USC, ademais de ser de calidade, sexa difundida de xeito eficaz. Para cumprir este obxectivo, o Plan estratéxico estableceu as actuacións seguintes:

1. Definir un plan de difusión de integral da oferta formativa da USC.
2. Diseñar estratexias de promoción das titulacións, poñendo en valor a especialización delas.

Por outra parte, esta acción de mellora tamén está asociada dentro do ámbito “Relación co contorno”, coa liña estratéxica denominada “O compromiso e a implicación coa sociedade”. Trátase de acadar o recoñecemento por parte da sociedade da contribución da Universidade á creación de valor económico, social e cultural para o que se abordarán, entre outras, distintas liñas de actuación:

1. Fomentar a colaboración do persoal en actividades de proxección exterior e promoción da USC.
2. Difundir as actividades da Universidade cara á sociedade, empregando diversas canles de comunicación e aproveitando o potencial das novas tecnoloxías da información e comunicación.
3. Aproveitar o activo dos egresados e das egresadas e das asociacións de antigos alumnos para difundir os valores e as actividades da USC.

Desde a USC, así como desde a propia Facultade de Xeografía e Historia, a través do equipo decanal, mantense o compromiso de aplicación destas medidas durante, polo menos, **tres cursos académicos**, entendendo este período como o mínimo para

poder ver resultados na captación de matrícula.

- *Aportáronse resultados dun estudo de inserción laboral de egresados (ata o 2003). A partires deste estudo, non se teñen identificado cambios no programa formativo que o poidan facer máis atractivo desde o punto de vista da empregabilidade. Recoméndase analizar o plan de estudos neste senso. No plan de melloras do título xa se recolle unha acción dirixida á análise do título e á reflexión sobre materias optativas que se poderían incluír de acordo cos futuros intereses profesionais dos estudantes.*

A análise das modificacións necesarias no plan de estudos para facelo máis atractivo comezou no curso 2015-2016, coa constitución da Comisión de Revisión do Título de Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio, presidida polo Decano da Facultade, e coa participación das profesoras e profesores Villarino Pérez, Pérez Alberti, Lois González, Hernández Borge e Durán Villa (secretario). A partir de aquí estableceuse un calendario de reunións, contando con todos os membros do Departamento, que se materializaron nunha serie de propostas, matizadas a través dunhas enquisas persoais relativas á adscripción e afinidades das materias. Na actualidade está para aprobar a proposta formulada en decembro pola dirección do departamento, na que se visualizan dous itinerarios: un de Xeografía Física e outro de Humana/Rexional, para dar resposta as demandas do alumnado.

O labor realizado foi lento en consonancia coa incerteza que supón traballar con dous horizontes posibles: 4+1 e 3+2, coas consecuencias que se derivan para chegar a acordos de dobre grao e para o Máster, pois é entendido como continuación de estudos.

- *A taxa de abandono é moi elevada (37,29%). Xa está en marcha unha acción de mellora para analizar as causas deste abandono, pero cómpre analizar tamén se o perfil de ingreso dos estudantes é o ideal.*

O perfil do alumnado non é o ideal. Polo xeral existe unha elevada porcentaxe que se matricula no Grao ao non poder acceder á titulación desexada, de aí a porcentaxe de alumnado de setembro e de última chamada. Por iso, ao remate do primeiro curso o alumando abandona para acceder a outros estudos.

A taxa de abandono durante o primeiro curso experimentou unha melloría no curso 2015-2016, que supón unha redución de 14 puntos porcentuais, como se pode observar nos datos do indicador IN40G.

Non obstante a taxa de abandono do RD 1393 segue sendo moi elevada, supera as previsións da memoria de verificación do título e está sendo obxecto dunha acción de mellora por parte do centro consistente na integración do alumando de primeiro nas actividades académicas dos cursos superiores. Un proceso que estimula a permanencia ao poder descubrir con anterioridade a dimensión máis práctica e interactiva da titulación. Estamos persuadidos que as saídas ao campo son un acicate que dará resultado a curto prazo.

|                         |  |
|-------------------------|--|
| Código                  | <b>IN40G-S01-PM-01</b>   |
| Nome                    | <b>Taxa de abandono durante o primeiro curso (Grao)</b>  |
| Procedemento de Cálculo | Porcentaxe entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso, que non se matricularon no título nos cursos X+1 e X+2, e o núm. total de estudantes da cohorte que accederon ao título no curso X |

|         |         |         |         |
|---------|---------|---------|---------|
| 2012-13 | 2013-14 | 2014-15 | 2015-16 |
|---------|---------|---------|---------|

|                  |              |              |              |              |
|------------------|--------------|--------------|--------------|--------------|
| <b>Total (%)</b> | <b>37,29</b> | <b>51,85</b> | <b>40,43</b> | <b>26,92</b> |
|------------------|--------------|--------------|--------------|--------------|

|                         |   |
|-------------------------|---|
| Código                  | <b>IN41G-S01-PM-01</b>  |
| Nome                    | <b>Taxa de abandono RD 1393</b>   |
| Procedemento de Cálculo | Porcentaxe entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título o ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior |

|                  |              |              |              |
|------------------|--------------|--------------|--------------|
|                  | 2013-14      | 2014-15      | 2015-16      |
| <b>Total (%)</b> | <b>44,00</b> | <b>46,67</b> | <b>59,26</b> |

- *Fomentar a proxección externa da titulación establecendo contactos con outras titulacións a nivel galego, nacional e internacional.*

En relación co desenvolvemento dun Erasmus + cas Universidades de París VIII e Kiel, estanse a desenvolver actividades conxuntas co alumnado de Grado, favorecendo a mobilidade de profesorado e alumnado. Actividade que terá lugar neste cuadrimestre.

- *Débase fomentar a mobilidade dos estudantes, potenciando a incorporación de alumnos nacionais e internacionais.*

En relación coa mobilidade do alumnado, o crecemento é moi lento a pesar do estímulo realizado, en relación coas dificultades económicas que supón o desprazamento e a estada fora. A este respecto pódese consultar a páxina do Departamento, onde se cartografía a relación de convenio subscritos até o momento <http://www.usc.es/gl/departamentos/xeoografia/intercambio.html>

|                         |   |
|-------------------------|---|
| Código                  | <b>IN17G-PC-08</b>  |
| Nome                    | <b>Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados</b>   |
| Procedemento de Cálculo | Núm. de estudantes enviados desde a USC a outras universidades dentro dos programas Sócrates-Erasmus, Séneca e SICUE e outros convenios, dividido polo núm. de estudantes matriculados na USC |

|                  |             |             |
|------------------|-------------|-------------|
|                  | 2014-15     | 2015-16     |
| <b>Total (%)</b> | <b>2,26</b> | <b>2,84</b> |